

RESOLUCIÓN Exp. S 5/2008 (Confraría de Pescadores da Illa de Arousa)

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, a 5 de agosto de 2009.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (en diante TGDC ou Tribunal), coa composición indicada máis arriba, e sendo Relator D. José Antonio Varela González, presidente, pronunciou a seguinte Resolución no expediente S 5/2008, “Confraría de Pescadores da Illa de Arousa” (Exp. 6/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en diante SGDC), iniciado en virtude da denuncia presentada por dona N. L. L., secretaria xeral da Asociación Galega de Mariscadores/as (en diante Agamar) contra a Confraría de Pescadores “*San Julián*” da Illa de Arousa (en diante Confraría), por presuntas prácticas restritivas da competencia, consistentes na imposición dunha cota de 900€ anuais aos mariscadores a flote, deducible nos descontos das vendas na lonxa da Illa aínda que non comercialicen o produto na citada lonxa, o que considera podería infrinxir a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (en diante LDC ou Lei 15/2007).

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 21 de febreiro de 2008 tivo entrada no SGDC unha denuncia presentada por dona N. L. L., secretaria xeral de Agamar, contra a Confraría, por presuntas prácticas restritivas da competencia, consistentes na aprobación dun acordo pola Xunta Xeral da Confraría citada que obriga, segundo a denunciante, a *“abonar una cuantía económica como “compensación” por su falta de fidelidad a la lonja de la Cofradía de Pescadores”* aos membros da mesma que non realizan de xeito habitual os labores de marisqueo e que non comercializan o seu produto na lonxa da Illa. Para a denunciante este acordo supón unha limitación inxusta da liberdade de empresa dos socios ao obstaculizaren a elección da lonxa na que vender o seu produto; ademais, de novo segundo a denunciante, tal acordo podería ser constitutivo de competencia desleal para con outros servizos públicos de lonxas.

2.- Unha vez fixada a competencia das autoridades galegas, logo da comunicación á *Comisión Nacional de la Competencia* (no que segue CNC), segundo o establecido na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das

competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de competencia, o SGDC decidiu iniciar unha investigación reservada, ao abeiro do establecido no artigo 49.1 LDC co obxecto de coñecer a realidade dos feitos denunciados e determinar así se existen, ou non, indicios racionais de infracción á LDC.

A tal obxecto remitiu a denuncia á Confraría, á que se lle requiriu determinada documentación. Así mesmo, solicitou á denunciante diversa documentación acreditativa da súa representación para actuar en nome de Agamar, que achegou ao SGDC o 9 de abril de 2008.

Nesta fase de información reservada tamén se solicitaron informes a unidades administrativas da entón denominada Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Portos de Galicia, ámbalas dúas institucións pertencentes á Xunta de Galicia.

3.- O director do ente público Portos de Galicia comunicou ao SGDC a remisión da petición de información á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, por entender que os feitos denunciados afectaban "*ó funcionamento corporativo interno da propia confraría e ás relacións entre os propios confrades*".

4.- O día 16 de abril de 2008 tivo entrada no servizo un escrito da Confraría, asinado polo seu secretario, don J. M. D. L., ao que se acompañaba documentación relativa aos: estatutos da confraría; estatutos da OPP-20; regulamento interno da lonxa; balance de ingresos e gastos da OPP-20; copia dos plans de explotación dos anos 2007 e 2008; copia da acta do acordo adoptado polo colectivo de mariscadores a flote e diversas alegacións á denuncia.

5.- Entre as consideracións realizadas pola Confraría sobresaen as seguintes:

- A cota é unha contribución dos asociados [mariscadores inscritos no plan de explotación] á adecuada xestión das autorizacións, explotadas en réxime de semicultivo, "*o que conleva gastos polos traballos de rareo, saneamento e limpeza do substrato, eliminación de depredadores, adquisición de semente de ameixa, gastos de vixilancia, de asistencia técnica, combustible, lanchas e demais vehículos de vixilancia, todo encamiñado a obter un axeitado rendemento produtivo de ditas autorizacións.*"
- A cota só se aplica ós mariscadores a flote que explotan as autorizacións administrativas, "*non para o libre marisqueo*".
- A cota foi calculada en función da media do rendemento por vendas de marisco do colectivo de mariscadores a flote.

- A maioría dos asociados achegan a súa cota correspondente mediante o desconto do 9% do importe das súas vendas en lonxa de bivalvos e do 7% en crustáceos.
- A maioría dos mariscadores que non acadan a pagar os 900 € a través dos descontos das súas vendas optan polo pago en metálico da diferenza, contra o correspondente recibo.
- O feito de que algún asociado non pague a cota de 900 € anuais constitúe, segundo a Confraría, un agravio comparativo para o resto dos asociados.
- Parece excesivo falar de “*numerosos socios e afiliados de Agamar*” afectados, xa que a denuncia parece derivarse dos escritos enviados pola Confraría a dous dos seus asociados, reclamándolles o pago da cantidade non cuberta do total dos 900 € unha vez realizados os descontos sobre a facturación dos produtos aportados por tales membros da Confraría na lonxa da Illa.
- A Confraría non percibe cantidades en concepto de retorno por parte doutras confrarías derivadas da venda de produto dalgún dos seus asociados noutras lonxas. Se percibira cantidades por este concepto, descontaría o seu importe da cota correspondente.
- A Confraría ten un acordo coa Organización de Produtores do Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra (OPP-20), na que se integran os mariscadores para a comercialización do produto, sendo esta organización a que xestiona a explotación das autorizacións marisqueiras en réxime de semicultivo.
- Para a Confraría, a súa conduta non supón unha restrición da libre competencia “*pois a relevancia ... é nula ou irrelevante, tal e como se pode comprobar nos datos estatísticos de vendas...*”

6.- Con data 22 de abril de 2008, a denunciante achegou ao SGDC copia dos estatutos de Agamar e documentación acreditativa da representación de dona N. L. L.

7.- Na información aportada polo Servizo de Fomento da Organización Sectorial, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, destaca a información de que:

- A primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco non ten que realizarse nunha lonxa determinada
- As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público e, polo tanto, sometidas á tutela da Administración autonómica; mentres que as Organizacións de Produtores son de natureza xurídica privada.
- Non é obrigatorio pertencer simultaneamente ás dúas agrupacións.
- Os membros da Organización de Produtores teñen o compromiso de “*acatar as obrigas que se recollen nos seus estatutos*”.

- 8.- Pola súa banda, na resposta asinada pola subdirectora xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, os elementos máis relevantes son que:
- As competencias da Subdirección Xeral afectan á actividade de primeira venda na lonxa pola OPP-20, polo que *“non entra a valorar a xestión dos recursos mariños por parte da Confraría de Pescadores da Illa, por non ser competente para elo”*.
 - Na súa opinión, a cuestión a dilucidar é *“se o establecemento desa cota é por non vender na lonxa (polo que entón non se pode cobrar máis do 1%) ou pola xestión do recurso por parte da confraría, asunto no que (...) este órgano non é competente para facer aclaración algunha”*.
- 9.- Á vista da información obtida no trámite de información reservada, o SGDC acordou a incoación do correspondente expediente sancionador con data 12 de xuño de 2008, que foi notificada ás partes interesadas: Agamar, Confraría de Pescadores San Julián e Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra.
- 10.- Iniciada a instrucción, o SGDC solicitou á denunciante, con data 14 de xullo de 2008, información sobre:
1. O número de socios afectados pola conduta denunciada e se son mariscadores non habituais, así como a forma de pago da cota.
 2. A contribución dos mariscadores habituais ós gastos de xestión das autorizacións administrativas da explotación marisqueira.
- 11.- Con data 22 de agosto de 2008 tivo entrada no Edificio Administrativo de Vigo o escrito de contestación de Agamar, no que se sinalaba que:
- O termo *“habitualidade”* non é relevante neste caso.
 - O criterio de habitualidade non pode supoñer causa de diferenciación para impoñer un recargo monetario para sufragar supostos custos de ambas entidades (confraría e OPP-20), para o que xa están previstas as cotas de asociado, ademais do denominado *“retorno”* entre as confrarías.
 - As cotas dos asociados da OPP-20 detráense do total bruto facturado pola venda do marisco por cada produtor (0,30% destinado a festas; 9% destinado ós gastos xerais da OPP e o 0,25% para a fundación).
 - As denunciadas dispoñen de subvencións públicas que contribúen a incrementar os seus ingresos.
- 12.- Con data 18 de agosto de 2008 recibíuse no SGDC un escrito da Dirección de Portos de Galicia comunicando que estaba a tramitar a prórroga da concesión administrativa das instalacións da lonxa do porto do Xufre (Illa de Arousa), para a prestación por xestión indirecta do

servizo da lonxa pola Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra.

13.- Na fase de instrución, o SGDC solicitou a OPP-20 a seguinte información:

1. Nome das persoas que ocupan os órganos reitores da asociación.
2. Relación dos seus socios e dos mariscadores inscritos no plan de explotación.
3. Fontes de ingresos.
4. Cales son as achegas dos socios, tanto dos mariscadores habituais coma dos non habituais, e causas das diferenzas.
5. Copia dos recibos das cantidades achegadas polos mariscadores non habituais.
6. Carácter ordinario ou extraordinario da cota do 9%, destino deses ingresos e consecuencias da súa falta de pagamento.

14.- Con data 18 de agosto de 2008, a OPP remitiu a información ao SGDC, da que os aspectos máis sobresaíntes son os seguintes:

- Os socios da OPP-20 inscritos no Plan de Explotación acadan a cifra de 357 embarcacións, sen que conste o número de tripulantes de cada unha.
- Os ingresos da OPP-20 proceden das vendas de marisco en lonxa e das subvencións públicas da Comunidade Autónoma, do FROM e do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. As achegas que recibe por venda do marisco en lonxa, de socios ou non socios, detráense mediante descontos, do 9% para bivalvos, e do 7% para crustáceos.
- As cotas anteriores foron aprobadas pola Xunta Xeral da Confraría que é a titular das autorizacións marisqueiras.
- Achégase tamén copia de recibos polo cobro directo das cantidades pendentes ós mariscadores que non tiveran pagado o mínimo de 900 € anuais, a través do desconto pola venda en lonxa. Estes recibos corresponden a 31 persoas distintas, que serían as directamente afectadas pola conduta denunciada.

15.- Finalmente, o SGDC solicitou á Confraría a información seguinte:

1. Nome das persoas que ocupan os órganos reitores da Confraría.
2. Funcións que corresponden á Confraría e funcións da OPP-20 na xestión da lonxa da Illa de Arousa e relación entre ambas entidades.
3. Cantidades ingresadas en 2008 en concepto de retorno dende outras confrarías.
4. Fonte de ingresos e balance de ingresos e gastos en 2007.

5. Indicación de se o acordo de creación do baremo do 9% da facturación *“para os armadores e tripulantes que non se dedican habitualmente ó marisqueo nin venden na lonxa da Illa de Arousa”* foi adoptado pola Confraría ou pola agrupación de produtores.

6. Entidade a que lle corresponde xestionar os gastos orixinados polo plan de explotación marisqueira.

16.- Con data 19 de agosto 2008, recibíuse no SGDC o escrito de contestación da Confraría, do que resulta que:

- A Confraría non pode contratar persoal propio, xa que os seus ingresos proceden das cotas dos socios: 7,20 € por ano e persoa dedicada á explotación a flote e 3,60 € por ano e persoa dedicada ó marisqueo a pé.

- A Confraría non ten ningunha función en canto á xestión da lonxa, xa que esta xestión realízase exclusivamente a OPP-20.

- Existe unha forte interdependencia entre a Confraría e a OPP-20: as instalacións das oficinas son compartidas; o secretario da Confraría foi contratado e recibe as súas retribucións da OPP-20; as decisións máis relevantes son adoptadas pola Xunta Xeral da Confraría e despois ratificadas ou non polo Consello de Administración da OPP-20 e pola Asemblea Xeral da Confraría.

- Os gastos orixinados polo plan de explotación son asumidos integramente pola OPP-20.

- O acordo da cota de 900€ obxecto da denuncia foi adoptado polo colectivo de mariscadores a flote o 27 de xaneiro de 2006. No ano 2007 a Asemblea Xeral da Confraría aprobou o plan de explotación de marisqueo a flote para o ano 2008, no que se inclúe o aboamento da cota de 900€ para ter acceso ás concesións marisqueiras da Confraría, previamente aprobada pola Xunta Xeral.

- A Confraría non percibiu ningunha cantidade en concepto de retorno procedente doutras confrarías no ano 2007. Acompáñase unha conta de resultados provisional, a data 31 de decembro de 2007.

17.- Con data 9 de outubro de 2008, o SGDC procedeu a comunicar aos interesados que, a seu xuízo:

«non quedou acreditada a existencia de prácticas prohibidas contrarias á competencia, concedéndolles un prazo de 15 días para efectua-las alegacións ou propoñe-la práctica das probas que estimaran pertinentes, en cumprimento do disposto no artigo 33.3 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de defensa da competencia.»

18.- Con data 5 de novembro de 2008 tivo entrada no SGDC un escrito da denunciante, no que se reiteran algunhas das alegacións xa formuladas en fases anteriores do procedemento.

19.- O SGDC, con data 11 de novembro de 2008, elevou ao Pleno do TGDC, ao abeiro do disposto no artigo 50.4 LDC a seguinte proposta de resolución:

«Declarar que non resulta acreditada a existencia de prácticas prohibidas pola LDC, no expediente instruído trala denuncia presentada por dona N. L. L., secretaria xeral da Asociación Galega de Mariscadores/as, contra a Confraría de Pescadores San Julián da Illa de Arousa.»

20.- Con data 15 de decembro de 2008, o Pleno do TGDC decidiu admitir a trámite a proposta elevada polo SGDC, designando como relator, segundo a correspondente quenda en vigor, a D. José Antonio Varela González, presidente do organismo.

21.- Son interesados:

- Agamar;
- Confraría de Pescadores San Julián ds Illa de Arousa;
- Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra.

22.- O Pleno do TGDC deliberou e pronunciouse sobre o presente expediente na súa reunión do 29 de xullo de 2009.

FEITOS PROBADOS

1.- A Confraría é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas. A Confraría actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representa os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector (artigo 1.1. da Lei 9/1993, de normas reguladoras das Confrarías de Pescadores -no que segue LCP). Pola súa natureza está suxeita á tutela da Consellería do Mar (artigo 1.2. LCP).

2.- Poden ser membros da Confraría as persoas físicas ou xurídicas que voluntariamente se asocien, sempre que desenvolvan habitualmente unha actividade extractiva pesqueira ou marisqueira, e estean en posesión do correspondente título administrativo que os habilite para o exercicio da actividade extractiva.

- 3.- A Confraría é titular de autorizacións administrativas de bancos marisqueiros. Estas autorizacións son outorgadas pola Administración autonómica para realizar unha explotación controlada que mellore o rendemento dos bancos naturais.
- 4.- As autorizacións esixen labores de semicultivo, así como un plan de explotación e xestión dos recursos e a regulamentación do acceso das persoas autorizadas á súa explotación (punto 1 do artigo 49 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de regulación e ordenación da pesca marítima; en adiante LPM). As autorizacións outorgaranse preferentemente ás entidades de interese colectivo (punto 4 do artigo 49 LPM).
- 5.- As autorizacións permiten o aproveitamento exclusivo do banco correspondente polo colectivo ou entidade, pública ou privada, a que se lle conceda, delimitando a súa superficie (artigo 42 LPM).
- 6.- No contexto de racionalización e control da explotación dos recursos marisqueiros, a Confraría elaborou un Plan de Explotación de Marisqueo a Flote para o ano 2007 e outro para o ano 2008.
- 7.- Segundo certificados asinados polo patrón maior e o secretario da Confraría, no Plan de Explotación de Marisqueo a Flote para o ano 2007, asinado o 30 de outubro de 2006, no seu apartado 5.1.4. Topes de captura por mariscador e día, para cada especie, inclúese como norma de réxime interno para o marisqueo a flote en autorizacións a obriga, para os mariñeiros que *“non venden na lonxa da Illa ou que venden ocasionalmente terán que abonar unha cantidade que resulta de aplicar un baremo que será a media resultante do aportado pola maioría dos mariñeiros”*. Na proposta de resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños non se fai ningunha proposta de cambio respecto desa obriga.

Ademais, no Plan do 2007 establécese, no apartado 5.2. Puntos de venda, a obriga de que as vendas a flote se realicen na Lonxa da Illa de Arousa e pola OPP-20. En relación a este punto, a Dirección Xeral de Recursos Mariños recolle, sen observacións, o indicado na normativa:

“Unha vez efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Porén, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte de ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa previa obtención da guía de descarga e baixo determinadas condicións de transporte” (artigo Tres do Decreto 101/2006, que modifica o artigo 10, punto 1, do Decreto 419/1993).

Pola súa banda, o Plan de Explotación de Marisqueo a Flote para o ano 2008, asinado o 30 de outubro de 2007, incorpora un novo apartado 5.1.8. Acceso ao Plan de Explotación, no que se establece como norma de Réxime Interno para Acceso ó Plan de Explotación os seguintes puntos:

“1. Ter aboado a cota de socio.

2. Estar un mínimo de 6 meses enrolado na 3ª lista consecutivamente antes de comezar a traballar nas concesións ou un mínimo do 75% ó longo do ano.

3. Todos aqueles mariñeiros que non teñan facturación na lonxa da Illa de Arousa ou que vendan ocasionalmente durante o ano, deben cotizar a Confraría unha cantidade que resulta de aplicar o baremo que será a media resultante do porcentaxe de lonxa aportado pola maioría dos mariñeiros durante todo o ano.

4.[...].”

Posteriormente, a Confraría presenta modificacións ao texto do Plan previamente elaborado, que fan referencia, entre outros aspectos, ao punto 5.1.8. Acceso ao Plan de Explotación, no que fundamentalmente se xustifica o motivo ou razón para o establecemento do punto 3 anterior, e que se vinculan ao comportamento oportunista dalgúns membros da Confraría, que só se dedican á modalidade os primeiros días, no que o rendemento é maior. Para evitar estes comportamentos realízase unha Asemblea Xeral da Confraría o día 24 de outubro de 2007, na que se aproban os seguintes puntos para o Acceso ó Plan de Explotación:

“1. Ter aboado a cota de socio.

2. Estar un mínimo de 6 meses enrolado na 3ª lista consecutivamente antes de comezar a traballar nas concesións ou un mínimo do 75% ó longo do ano.

3. Cada mariñeiro enrolado nunha embarcación con PERMEX MARISQUEO Z3 ten que abonar unha cota de 900€ anuais, destinada a sufragar os gastos derivados do coidado, vixilancia, supervisión e mantemento (gastos de combustible das embarcacións e vehículos destinados á vixilancia; gastos de persoal necesario para as tarefas de vixilancia, lonxa e oficinas; reparación e mantemento das lanchas e demais vehículos,...; aparatos para equipa-las embarcacións, vehículos, lonxa, oficinas: ‘clasificadoras, pesas, ordenadores, gps, ...’; utensilios como boias, rabizas, pintura, ...) dos bancos marisqueiros xestionados

como Autorizacións pola Confraría de Pescadores da Illa de Arousa e a OPP-20. Este pagamento efectuarase directamente dende a facturación de lonxa, descontándose automaticamente unha porcentaxe da facturación que realicen durante todo o ano. Aqueles que non acaden os 900 € anuais pagarán o restante para poder ir ás autorizacións. Se se trata dun novo mariñeiro (alguén que se enrola por 1ª vez) descontaráselle a parte proporcional de cota do tempo que leve enrolado.

4. [...]”

O punto correspondente ao Plan de acceso foi aprobado por unanimidade da Asemblea Xeral da Confraría.

Ademais, no Plan do 2008 establécese de novo, no apartado 5.2. Puntos de venda, a obriga de que as vendas a flote se realicen na Lonxa da Illa de Arousa e pola OPP-20.

A Dirección Xeral de Recursos Marítimos aproba o Plan de Explotación para o ano 2008, se ben no apartado Outras consideracións exprésanse dúbidas sobre a legalidade de ter que abonar unha cantidade para poder traballar nas zonas de autorización no caso de non vender na lonxa de A Illa ou vender de forma ocasional, xa que –e se recolle de novo a normativa:

“Unha vez efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Porén, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte de ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa previa obtención da guía de descarga e baixo determinadas condicións de transporte” (artigo Tres do Decreto 101/2006, que modifica o artigo 10, punto 1, do Decreto 419/1993).

Engádese, ademais, que:

“as organización de produtores pesqueiros como é o caso da OPP-20 poden impoñer normas de comercialización aos seus asociados, de acordo co establecido nos seus estatutos, polo que non se entende a medida de condicionar a actividade extractiva á comercializar na lonxa de A Illa”.

E remata, que esas normas *“deberían ser revisadas en colaboración coa axente de extensión”.*

A posibilidade das Organizacións de Produtores para impor normas de comercialización é tamén recollida na resposta da xefa do Servizo de Fomento da Organización Sectorial á denuncia de D. M. B. P.:

“b) Os membros pertencentes á organización de produtores teñen a obriga de acatar as obrigas que se recollen nos seus estatutos, segundo dispón o artigo 5 do regulamento comunitario ao que se fai referencia [Regulamento (CE) 104/2000 do Consello]. Estas medidas poderíanse facer extensivas mesmos aos produtores da zona non membros da organización, polo tanto aos afiliados á confraría, en virtude do artigo 7 do regulamento citado...”

- 8.- A Confraría ten un acordo coa Organización de Produtores do Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra (OPP-20), organización que goza de personalidade xurídica privada e capacidade de obrar, e que ten a concesión da xestión da lonxa da Illa, segundo escrito asinado pola subdirectora xeral de Estruturas e Mercados da Pesca e mais polo director de Portos de Galicia.

En virtude dese acordo coa Confraría –que é a titular das autorizacións marisqueiras-, a OPP-20 xestiona de feito a explotación das autorizacións marisqueiras en réxime de semicultivo. Isto é recollido nos seus propios Estatutos, que no seu artigo 5 sinala como finalidade da OPP-20 a de:

“adopta-las medidas necesarias para asegura-lo exercicio racional do marisqueo e cultivos mariños e a mellora das condicións de venda da produción dos seus asociados, normalmente tendente a promove-la posta en práctica dos plans de captura, concentración da oferta, regularización dos prezos, normas de comercialización, de calidade, fixación de prezos de retirada, etc.” (artigo 5º dos seus estatutos).

O acordo entre a Confraría e a OPP-20 incorpora con claridade unha vertente privada na defensa dos intereses profesionais.

- 9.- En tanto que xestor das autorizacións marisqueiras, a OPP-20 asume integramente os gastos orixinados polo Plan de Explotación, gastos que son cubertos con ingresos procedentes das vendas de marisco en lonxa, xa que como se ten dito a OPP-20 ten a concesión da mesma, e das subvencións públicas da Comunidade Autónoma, do FROM e do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. As achegas que a OPP-20 recibe por venda do marisco en lonxa, de socios ou non socios, detráense mediante descontos, do 9% para bivalvos, e do 7% para crustáceos.

O anterior significa que a OPP-20 ingresa o 9% das vendas en lonxa de bivalvos e o 7% das vendas de crustáceos, tanto de socios da Confraría como de non socios. Ademais, en virtude do acordo da Confraría, hai que supor que tamén ingresará a cantidade adicional ata os 900€ pagada directamente polos mariscadores a flote que non acaden esa cifra vía descontos sobre as vendas de produto. Este feito pode ser comprobado nos recibos emitidos polo pago do baremo, a meirande parte dos cales teñen o logotipo ou o selo da OPP-20 (os restantes o selo da Confraría).

- 10.- Ademais do acordo, que integra de feito as funcións da Confraría na OPP-20, existe unha estreita relación baseada na coincidencia dos seus membros, que converte en comúns os seus intereses profesionais. Tal como sinala o SGDC, non resulta sinxela a separación de ambas entidades no que respecta as súas funcións, xa que ás veces prodúcese unha confusión no exercicio das respectivas competencias:

“As decisións “de importancia” que afectan a ambas organizacións son adoptadas pola Xunta Xeral da confraría e sometidas despois ó Consello de Administración da OPP-20. Ademais, “o Consello de Administración da OPP-20 e mais a Asemblea Xeral da confraría están compostos polos mesmos individuos posto que os socios da confraría son así mesmo socios da OPP-20”.

Existe polo tanto, interdependencia entre ambas persoas xurídicas e confusión nas súas funcións respectivas”.

- 11.- Á OPP-20 poden adherirse as persoas físicas ou xurídicas que voluntariamente o soliciten e que se dediquen á actividade extractiva e de comercialización en primeira fase dos mariscos e cultivos mariños.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Este Tribunal considera que o presente expediente non se debe examinar segundo a Lei 16/1989, como dun xeito erróneo sinala a denunciante. Dado que o asunto se incoou con posterioridade a entrada en vigor da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, a denuncia debe examinarse de acordo con esta lei, tal e como prevé a súa Disposición Transitoria primeira, que sinala que só os procedementos sancionadores incoados antes da entrada en vigor desa lei, que se produciu o 1 de setembro de 2007, se tramitarán e resolverán de acordo coas disposicións vixentes no seu inicio.

SEGUNDO.- O asunto de fondo que debe decidir este Tribunal é se acepta ou non a proposta do SGDC, efectuada no seu escrito de 11 de

novembro de 2008, na que declara que non resulta acreditada a existencia de prácticas prohibidas pola LDC no expediente instruído trala denuncia presentada por dona N. L. L., secretaria xeral de Agama, contra a Confraría por presuntas prácticas restritivas da competencia, consistentes segundo ela na imposición dunha cota como *“compensación por la falta de fidelidad a la lonja de la Cofradía de Pescadores”*, o que podería infrinxir a LDC no sentido de constituír:

“unha limitación inxusta para a liberdade de empresa dos socios, obstaculizando a súa posibilidade de vender noutras lonxas”.

TERCEIRO.- De conformidade cos artigos 148.1.º.11 da Constitución Española e mais o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponden a esta Comunidade Autónoma competencias exclusivas na materia de marisqueo e cultivos mariños. Consecuentemente, para a análise do caso considerárase a Lei 6/1993, do 11 de maio, de regulación e ordenación da pesca marítima e mais o Regulamento (CE) 104/2000 do Consello, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura. A recente Lei de pesca marítima de Galicia do 2008 entrou en vigor con posterioridade á denuncia e ao inicio de incoación do expediente.

Neste ámbito son relevantes os seguintes aspectos:

1. A Administración autonómica ten a obriga de garantir que a utilización dos recursos mariños se realice de forma que se obteña o seu máximo rendemento a través dunha explotación económica racional e eficaz que sexa compatible coa conservación das especies e o incremento do benestar comunitario (artigo 3 LPM).

2. Para conseguilo, a explotación dos recursos mariños levarase a cabo de forma controlada (artigo 4 LPM), de xeito que para mariscar haberá que contar cun permiso de explotación expedido por la Consellería de Pesca, Marisqueo y Acuicultura de la Xunta de Galicia (punto 1 do artigo 28 LPM).

CUARTO.- A Confraría réxese polo disposto na LCP, o Decreto 261/2002, que aproba as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións, as disposicións que o desenvolvan e os seus respectivos estatutos debidamente ratificados (artigo 2.1. do Decreto 261/2002).

As confrarías teñen que elaborar e aprobar no seo das súas respectivas asembleas os estatutos polos que rexerán a súa actuación, que haberán de someter posteriormente á ratificación da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. A inscrición posterior no Rexistro previsto a estes efectos no artigo 14 da presente Lei determinará a súa eficacia xurídica (punto 2 do artigo 2 LCP).

O artigo 63.1 dos Estatutos da Confraría establece que por acordo da Xunta Xeral poderanse establecer cotas extraordinarias baixo algunha das seguintes formas:

- a) Exacción directa ós membros individuais da Confraría.
- b) Participación fixa ou alícuota nas cotas recadadas polas agrupacións constituídas dentro da Confraría.

QUINTO.- Entre as obrigas dos membros da Confraría, segundo o artigo 8 dos seus estatutos, están as de:

“acatar e cumprir-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da confraría” e “satisface-las cotas ou derramas que se establezan para contribuír ó sostemento da confraría”.

SEXTO.- Para o Tribunal é útil identificar os diversos elementos que integran o acordo cara unha correcta análise do mesmo, que son:

1. Establecemento dunha cota fixa de 900€ anuais a pagar por cada mariñeiro a flote que opere nas autorizacións. Segundo argumenta a Confraría, a xestión das autorizacións supón gastos que, en virtude do acordo coa OPP-20, esa entidade debe afrontar e aos que todos os mariñeiros a flote deben contribuír.

2. Establecemento dun mecanismo de pagamento da cota, con dúas etapas:

- Primeira: Desconto automático a cada membro dunha porcentaxe da facturación que realice na lonxa da Illa durante todo o ano.
- Segunda: Aqueles membros que non acaden os 900 € anuais mediante o mecanismo anterior, por non facturar como mínimo 10.000€ na lonxa da Illa, sexa por non se dedicar dabondo ao marisqueo ou por acadar rendementos inferiores á media, sexa por non vender o seu produto na lonxa da Illa de Arousa, deben aboar directamente a

cantidade que reste para chegar aos 900€ fixados; en caso de non pagar directamente, a Confraría deduce directamente a débeda da facturación realizada polo mariscador na lonxa da Illa.

SÉTIMO.- Para a denunciante, no acordo dos órganos reitores da Confraría existen diversos elementos ilícitos. Ademais de tal suposta ilicitude, a denunciante argumenta que o acordo limita inxustamente a liberdade de empresa dos socios e mesmo pode constituír unha competencia desleal para con outros servizos públicos de lonxas. Estas últimas consideracións son as relevantes para este Tribunal, xa que as súas competencias se limitan á aplicación da LDC, carecendo de potestade sobre outros corpos normativos.

Por iso, dada a tutela da Confraría pola, na actualidade, Consellería do Mar, esta ou os organismos xurisdicionais, segundo o caso, serán os competentes para resolver sobre as cuestións relativas:

i. Á capacidade legal da Confraría para fixar cotas a pagar polos seus membros por servizos asociados á xestión das autorizacións e a vixilancia dos bancos vinculando o seu pagamento á comercialización dos produtos na lonxa da Illa.

ii. Á adecuación do procedemento seguido pola Confraría para fixar a citada cota, segundo o establecido nos seus Estatutos.

iii. Á licitude dos acordos establecidos entre a Confraría e a OPP-20.

iv. Á capacidade legal da Confraría para dar de baixa na condición de socio, e polo tanto de impedir traballar nas autorizacións administrativas, como consecuencia da falta de pago da cota anterior.

v. Á capacidade legal da Confraría para descontar directamente a contía da cota non pagada vía desconto das vendas realizadas na lonxa da Illa de Arousa.

OITAVO.- Así pois, o TGDC só pode resolver sobre se o acordo de fixación do baremo da Confraría denunciado infrinxe a normativa de competencia.

Dada a natureza da denuncia, e de acordo coa liña fixada na actualidade pola CNC na súa Resolución do Expediente 2779.07

(Consejo Regulador de Denominación de Origen Vinos de Jerez y Manzanilla de Sanlúcar), o Tribunal considera que o acordo examinado se debe avaliar á luz do artigo 1 punto 1.b) LDC, que prohíbe:

“todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional e, en particular, os que consistan en:

[...]

b) A limitación ou o control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos”.

Consecuentemente, o TGDC analizará o efecto da cota denunciada á luz da normativa de competencia, se ben tendo en conta así mesmo o contexto de regulación e ordenación da pesca marítima vixente no momento da denuncia.

NOVENO.- A partir da información recollida no expediente pode establecerse que o inicio do proceso que da lugar á denuncia examinada se atopa nun cambio do modelo de cotas a pagar polos socios da Confraría, aprobado pola súa Asemblea Xeral, ao constataren, segundo di a propia entidade, que algúns membros realizaban un comportamento oportunista, consistente en operar só algúns días, aqueles nos que se obtén un rendemento maior. Para compensar esta conduta, a Confraría considerou que todos os seus membros debían contribuír dun xeito semellante aos gastos derivados dos servizos asociados á xestión das autorizacións, con independencia do nivel de rendemento que logren e onde vendan o produto. Para elo establece unha cota fixa vinculada, segundo ela, aos servizos de explotación da autorización.

Para o TGDC, fixar unha cota a pagar por cada un dos socios de xeito que contribúan por igual ao conxunto dos gastos de xestión e vixilancia dos bancos naturais autorizados, xa que todos eles se poden beneficiar da explotación dos recursos dun xeito semellante aínda que uns o fagan con menos intensidade que outros en razóns dos seus intereses e ocupacións persoais, non infrinxe o artigo 1.1.b) nin ten efectos anticompetitivos.

Tanto a reformulación do modelo de cotas a pagar como o establecemento dunha cota fixa polos servizos de explotación son opcións lexítimas da Confraría, xa que:

i. A cota ordinaria pode non ser suficiente para cubrir os gastos derivados do Plan de Explotación do Marisqueo a flote que incorpora, entre outras actividades, a realización de labores de semicultivo. Estes labores e o resto de actividades xeran custos que a Confraría –en realidade a OPP-20 que é a entidade xestora- terá que asumir como elemento integrante da explotación.

Ademais, o punto 1 do artigo 93 LPM sinala que: “*o labor de vixilancia [dos bancos autorizados], se fose preciso, haberá de correr por conta dos mesmos, como elemento integrante da explotación*”. É dicir, existen custos de vixilancia asociados á xestión das autorizacións, custos que deberán ser cubertos por alguén. Parece lóxico que os membros da entidade, que se poden aproveitar de forma similar dos recursos marisqueiros dos bancos autorizados, sexan os que os afronten.

ii. Todos os mariñeiros poden beneficiarse de forma semellante dos traballos de mellora e vixilancia dos bancos autorizados.

Ademais, o Tribunal entende que o mecanismo de pagamento establecido pola Confraría foi deseñado fundamentalmente para evitar o posible comportamento oportunista dalgúns dos seus membros que, por non se dedicar dun modo habitual ao marisqueo, contribuían insuficientemente aos gastos de xestión e vixilancia do banco natural da Confraría. Así mesmo, considera que o mecanismo de pagamento establecido ten a vantaxe para a meirande parte dos socios, que segundo os datos facilitados acadada como mínimo 10.000 € anuais de facturación e vende na lonxa da Illa, de non ter que realizar ningún pago directo xa que os descontos sobre as vendas acadan a cifra fixada de 900 €, ao tempo que lles permite axustar no tempo os pagos aos seus ingresos.

DÉCIMO.- Porén o anterior, o TGDC entende que a Confraría non aplica dun xeito correcto o principio dunha cota fixa igual para todos os socios como contribución aos gastos de xestión da autorización, xa que de feito o que ten establecido é unha cota igual para todos os socios como contribución aos gastos de xestión das autorizacións e aos gastos da lonxa, e isto último con independencia do uso que se faga da mesma. Tres razóns cando menos avalan esta interpretación:

i. O propio contido do aprobado na Asemblea Xeral da Confraría do día 24 de outubro de 2007, na que se aproba, entre outros o punto 3 para o Acceso ó Plan de Explotación, que textualmente di:

*“3. Cada mariñeiro enrolado nunha embarcación con PERMEX MARISQUEO Z3 ten que abonar unha cota de 900€ anuais, destinada a sufragar os gastos derivados do coidado, vixilancia, supervisión e mantemento (gastos de combustible das embarcacións e vehículos destinados á vixilancia; gastos de persoal necesario para **as tarefas de vixilancia, lonxa e oficinas**; reparación e mantemento das lanchas e demais vehículos,...; aparatos para equipa-las embarcacións, vehículos, **lonxa, oficinas: ‘clasificadoras, pesas, ordenadores, gps, ...’**; utensilios como boias, rabizas, pintura, ...) dos bancos marisqueiros xestionados como Autorizacións pola Confraría de Pescadores da Illa de Arousa e a OPP-20. Este pagamento efectuarase directamente dende a facturación de lonxa, descontándose automaticamente unha porcentaxe da facturación que realicen durante todo o ano. Aqueles que non acaden os 900 € anuais pagarán o restante para poder ir ás autorizacións. Se se trata dun novo mariñeiro (alguén que se enrola por 1ª vez) descontaráselle a parte proporcional de cota do tempo que leve enrolado”.*

ii. O feito, recollido no expediente, de que a OPP-20 non ten outra achega dos socios da Confraría que a porcentaxe do 9% sobre a facturación realizada por socios e non socios (utilízase esta porcentaxe por simplificar aínda que na realidade a porcentaxe é do 9% para bivalvos e do 7% para crustáceos).

iii. No suposto de que a OPP-20 non asumira a xestión da explotación das autorizacións da Confraría tería que cobrar, porén, as taxas correspondentes á función de xestión da lonxa.

DÉCIMO

PRIMEIRO.- Asumido que a cota retribúe servizos asociados a xestión das autorizacións mais tamén asociados a xestión da lonxa, un exemplo axudará a identificar o seu efecto diferencial na contribución aos gastos de explotación da autorización en distintas situacións. Supóñase que a aportación do 9% se distribúe de modo que o 3% sexa para cubrir os gastos de xestión da explotación e o 6% restante para cubrir os gastos da lonxa. Co sistema fixado:

- O membro da Confraría medio ou típico, que vende 10.000 euros/ano, aportaría 300 € aos gastos de explotación e 600 € aos gastos da lonxa. En total, a súa aportación sería de 900 €.
- O membro da Confraría que obteña un rendemento inferior a 10.000 euros anuais, polo motivo que sexa, por exemplo 6.000

euros que vende na lonxa da Illa, contribuiría segundo o acordo con 900 €. Agora ben, como por uso da lonxa lle corresponderían 360 €, a aportación á xestión é de 540 €. É dicir, este socio da Confraría non pagaría a mesma cota como contribución aos gastos de explotación da autorización, senón unha cantidade superior aos 300 € aportados polo socio medio.

- O membro da Confraría que obteña un rendemento inferior a 10.000 euros anuais, de novo supoñamos 6.000 euros, pero que non comercializa o produto na lonxa da Illa, contribuiría tamén segundo o acordo con 900 €, se ben, como por non uso da lonxa só tería que contribuir cun 1% de retorno (punto 2 do artigo 48 do Decreto 261/2002), o seu pagamento por este concepto sería 60 €, polo que a súa aportación á xestión da autorización sería de 840 €. Como no caso anterior, este socio da Confraría non pagaría a mesma cota como contribución aos gastos de explotación da autorización (300 €), senón unha cantidade superior á aportada polo socio medio.

Como amosa o exemplo anterior, o efecto da cota fixada non é que todos os socios realicen a mesma contribución aos gastos de explotación da autorización –que no exemplo considerado sería de 300 €– senón que algúns paguen por este concepto máis do que lles correspondería ou, alternativamente na terminoloxía da denunciante, que se penalice a súa falta de fidelidade a lonxa da Illa, ou na da subdirectora xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, que se penalice polo non uso da lonxa.

DÉCIMO

SEGUNDO.- O efecto penalizador do sistema establecido é consecuencia da natureza da cota fixada, que non é só unha contribución aos gastos de xestión das autorizacións, senón tamén aos gastos da lonxa. É dicir, a cota avaliada agrega dous conceptos de pago: explotación das autorizacións e lonxa, sen diferencialos adecuadamente; isto é incorrecto. Un sistema axeitado só pode establecer a cota como contribución á explotación das autorizacións, e tal cota ten que ser independente do volume de facturación do socio na lonxa da Illa. Para pagar os servizos da lonxa xa están as taxas correspondentes.

DÉCIMO

TERCEIRO.- Que a cota fixa establecida sexa unha contribución non só aos gastos de xestión das autorizacións, senón tamén aos gastos da lonxa, podería ter efectos sobre a competencia.

Un primeiro efecto, que se vincularía co artigo 1.1.b) LDC no seu contido de “*producción*”, ten que ver co feito de dar de baixa aos

posibles infractores na súa condición de socios, e polo tanto impedirilles traballar nas autorizacións administrativas. Sen entrar na licitude desta medida, pois este Tribunal non ten potestade para a súa avaliación, e contrándose no ámbito da competencia, o TGDC entende que tal baixa non tería un efecto significativo no mercado pois tales membros, que serían substituídos por outros, non teñen un comportamento competitivo diferenciado respecto dos demais que xere prezos máis baixos ou unha calidade superior.

**DÉCIMO
CUARTO.-**

Outro efecto potencial sobre a competencia do sistema de cota fixa establecido ten que ver coa limitación da distribución do produto noutras lonxas. Segundo a LDC tal limitación suporía unha infracción do seu artigo 1.1.b).

O artigo 4 LDC sinala que esta limitación queda eximida no caso de que as condutas denunciadas resulten da aplicación dunha lei. O Tribunal non atopou ningunha lei que ampare tal limitación, senón que, ao contrario, a normativa do sector pesqueiro protexe a liberdade dos operadores:

- As operacións de descarga de pesca que se realicen nos portos que foron transferidos á Comunidade Autónoma Galega levaranse a cabo en réxime de liberdade de empresa, con suxeción ao establecido nas disposicións de réxime e policía de portos (artigo 1 do Decreto 157/1986, que regula as operacións de carga e descarga de pesca de buques pesqueiros nos portos transferidos, e artigo 5 do Decreto 419/1993, que refunde a normativa vigente sobre descarga, primeira venda y comercialización de los recursos marinos en fresco).

- Unha vez efectuada a descarga, procederáse á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Porén, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte de ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa previa obtención da guía de descarga e baixo determinadas condicións de transporte (artigo Tres do Decreto 101/2006, que modifica o artigo 10, punto 1, do Decreto 419/1993, que refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco).

O TGDC considera que o acordo da Confraría ao fixar a cota avaliada neste expediente, que integra tanto unha contribución aos gastos de explotación das autorizacións da Confraría como

unha contribución aos gastos da lonxa da Illa, ten potencial para desincentivar e obstaculizar a venda do marisco noutras lonxas, limitando a súa distribución e diminuindo o seu efecto equilibrador dos prezos.

Ademáis, este Tribunal entende que tal limitación non está xustificada dende a perspectiva da explotación racional e controlada dos recursos, xa que non existe relación entre unha explotación de tales trazos e a venda dos produtos na lonxa da Illa.

**DÉCIMO
QUINTO.-**

O artigo 5 LDC sinala que as recomendacións recollidas nos artigos 1 a 3 desa lei non se aplicarán a aquelas condutas que, pola súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa á competencia.

E no Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de defensa da competencia, e máis concretamente no seu artigo 3.1. recóllese que:

“Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores e para efectos do establecido nos artigos 5 e 53.1.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o Consello da Comisión Nacional da Competencia [Pleno do TGDC no noso caso] poderá declarar non aplicables os artigos 1 a 3 da citada lei ás condutas que, atendendo ao seu contexto xurídico e económico, non sexan aptas para afectar de maneira significativa a competencia.”

Consecuentemente, cómpre examinar se, no contexto xurídico e económico do sector pesqueiro, o acordo é apto para afectar de maneira significativa a competencia.

**DÉCIMO
SEXTO.-**

O TGDC considera que o efecto da cota na distribución de marisco noutras lonxas é mínimo. E isto por varias razóns:

1. A escasa amplitude do mercado afectado.
2. Os obstáculos normativos a venda do marisco noutras lonxas diferentes á da Illa; obstáculos que derivan:
 - i. Da inercia derivada da descarga obrigatoria do marisco nesa lonxa, pois:

“O marisco en fresco descargado nos portos e centros de descarga da Comunidade Autónoma de Galicia deberá venderse obrigatoriamente nas lonxas ou centros de venda

autorizados regulamentariamente” (artigo Uno do Decreto 101/2006, de Modificación del Decreto 419/1993, de 17-12-1993, que modifica o artigo 7.1. do Decreto 419/1993, que refunde la normativa vixente sobre descarga, primeira venta y comercialización de los recursos mariños en fresco).

“O control das descargas e mais das poxas será levado a cabo pola entidade da que dependen as respectivas lonxas e centros autorizados, a cal será responsable de que se cumpra a normativa establecida para a comercialización dos produtos descargados” (artigo Uno do Decreto 101/2006, de Modificación del Decreto 419/1993, de 17-12-1993, que modifica o artigo 7.2. do Decreto 419/1993).

- ii. Do estímulo normativo á venda do produto descargado na mesma lonxa, xa que:

“Unha vez efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Porén, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte de ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa previa obtención da guía de descarga e baixo determinadas condicións de transporte” (artigo Tres do Decreto 101/2006, que modifica o artigo 10, punto 1, do Decreto 419/1993).

O anterior evidencia a intencionalidade de relacionar o porto de descarga co punto de venda, seguramente con obxectivo de reforzar o control dos produtos pesqueiros derivado da normativa da Unión Europea. De aquí as esixencias de documentos de explotación e transporte cando os produtos se poñan en venda en lugares distintos aos de descarga.

- iii. Dos custos da lonxa, aínda que non se venda nela.

“Aportado o produto do marisqueo, con independencia da realización da venda, o propietario do produto estará obrigado a abonar as taxas, prezos públicos e cánones aplicables nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia. Os titulares das lonxas ou os concesionarios das mesmas estarán obrigados a facer as retencións das taxas, prezos públicos e cánones aplicables nos portos da

Comunidade Autónoma de Galicia pola actividade nelas desenvolvida, de conformidade, no seu caso, co título concesional e nas formas previstas regulamentariamente” (artigo 12 do Decreto 419/1993, modificado no Decreto 101/2006).

- iv. Dos custos e trámites burocráticos asociados ao transporte do produto a outra lonxa, orientados a garantir a seguridade sanitaria aos consumidores. Véxase, por exemplo, a nivel de normativa básica de ordenación do sector pesqueiro, o artigo 7 do R.D. 2064/2004 e, a nivel galego, o artigo 1 da Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, do 10 de xuño, que modifica a Orde do 8 de febreiro de 2008, que regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

3. A cantidade mínima de produto comercializado polos membros da Confraría noutras lonxas, como indica a inexistencia de pagos de retorno, segundo indica a Confraría e non desminte a denunciante.

**DÉCIMO
SÉTIMO.-**

A pesar do escaso efecto sobre a competencia do acordo avaliado, cómpre eliminar a cota resultante do mesmo xa que o seu deseño actual non resulta axeitado para acadar os fins que a xustifican, que se vinculan co aproveitamento racional e controlado dos recursos marisqueiros.

**DÉCIMO
OITAVO.-**

A denunciante tamén sinala que o acordo examinado podería supor unha competencia desleal da Confraría con outras entidades semellantes con afectación ao interese público (artigo 3 LDC).

Porén, o TGDC non identifica no acordo a posibilidade de tal práctica, xa que a Confraría non ten a concesión da lonxa da Illa e, polo tanto, non compite con outras entidades que xestionen lonxas; consecuentemente, o acordo non ten fins concurrenciais. Ademais, o contido do acordo non se axusta a ningún dos tipos recollidos na Lei 3/1991, de 10 de enero, de Competencia Desleal.

Vistos os preceptos legais aplicables e os de xeral aplicación, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia

RESOLVEU

PRIMEIRO.- Declarar que non debe aplicar os artigos 1 a 3 Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia, ao acordo da Confraría de Pescadores “*San Julián*” da Illa de Arousa, denunciado por dona N. L. L., secretaria xeral da Asociación Galega de Mariscadores/as (Expediente S 5/2008, “Confraría de Pescadores da Illa de Arousa”), dada a escasa importancia do mesmo, que non ten capacidade para afectar de maneira significativa á competencia.

SEGUNDO.- Instar á Confraría de Pescadores “*San Julián*” da Illa de Arousa a que anule a cota de 900€ a pagar por cada mariñeiro enrolado nunha embarcación con PERMEX MARISQUEO Z3, xa que tal cota mixtura a contribución aos gastos derivados dos servizos de xestión da explotación das autorizacións co pagamento dos gastos polo uso da lonxa da Illa. En calquera caso, tal cota non poderá ser incluída nos sucesivos Plans de Explotación do Marisqueo a flote.

O anterior non significa que a Confraría de Pescadores “*San Julián*” da Illa de Arousa non poda establecer, se o considera conveniente, unha cota fixa a pagar por cada un dos mariñeiros como contribución aos gastos da explotación das autorizacións, pero tal contribución deberá ser establecida de modo tal que non supoña atrancos á venda noutras lonxas do produto dos socios que así o desexen.

O anterior tampouco significa que a Confraría de Pescadores “*San Julián*” da Illa de Arousa non poda asinar un acordo coa OPP-20, se o considera conveniente, para que o pagamento desa cota se poda realizar vía desconto na facturación do produto de cada mariscador que así o solicite. Se así se establecera, nos recibos emitidos pola OPP-20 deberá indicarse con claridade que o pagamento é polo concepto “explotación das autorizacións marisqueiras”.

TERCEIRO.- Instar á Confraría a que, no caso de manter na actualidade a obriga de que o produto obtido a flote nos bancos autorizados se venda na lonxa da Illa, a elimine dos sucesivos Plans de Explotación do Marisqueo.

CUARTO.- Instar ao Servizo Galego de Defensa da Competencia a que vixile o cumprimento do punto anterior.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, facendo constar de que contra ela non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende a súa notificación.